

MARINEDA CITY ANIMA AOS CIDADÁNS A DOAR SANGUE ESTE SÁBADO 26 DE SETEMBRO

O Centro Comercial Marineda City recibe o sábado 26 de setembro a visita da unidade móbil da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS), que estará estacionada na Praza, ao carón da parada de taxis, das 10:00 ás 15:00 horas. Como mostra de recoñecemento pola súa xenerosidade, as persoas doantes recibirán un vale trocable por un almorzo gratuíto no propio recinto comercial.

A Axencia comezou a visitar esta superficie comercial no ano 2011 e acumula xa a cifra de 320 doazóns de sangue. A ADOS quere agradecer á xerencia de Marineda City a súa colaboración no desenvolvemento das campañas de doazón e convidar a todos os usuarios e usuarias a participar activamente nesta nova visita.